



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 22/07/25 10:30:00

Exposición: 22/07/25 10:30:00 a 30/09/25 23:59:59

Anuncio

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

Anuncio de nomeamento da auxiliar administrativa

Información:

EXP: 2025/E001/000003

ANUNCIO

NOMEAMENTO DE D^a lorena rodríguez valiña COMO FUNCIONARIA INTERINA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA: auxiliar administrativo/a.

EXPTE.: 2025/E001/000003

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 22 DE XULLO DE 2025.

A Alcaldía ditou en data 22 de xullo de 2025, o Decreto núm. 579/2025 que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: NOMEAMENTO DE D^a LORENA RODRÍGUEZ VALIÑA COMO FUNCIONARIA INTERINA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A.

EXPEDIENTE DECRETO: 2025/G003/000604

EXPEDIENTE DE ORIXE: 2025/E001/000003

Vista a necesidade de cubrir temporalmente a praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A do Concello de Camariñas, con código 1005, Grupo C, subgrupo C2, por mor daxubilación dun auxiliar administrativo o pasado día 06/07/2025.

Vistas as bases reguladoras publicadas no BOP nº 64 do 03/04/2025 para a formación dunha bolsa de emprego para a provisión dun funcionario/a interino/a, Grupo C, Subgrupo: C2, escala de



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 22/07/25 10:30:00

Exposición: 22/07/25 10:30:00 a 30/09/25 23:59:59

Administración Xeral, subescala auxiliar administrativo/a do Concello de Camariñas co obxecto da substitución transitoria durante o tempo estritamente necesario conforme aos motivos sinalados no artigo 10.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Vista a aprobación da bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante o nomeamento de funcionarios interinos da escala de administración xeral, subescala auxiliar administrativo/a do Concello de Camariñas publicada no BOP nº 130 do 10/07/2025, na que consta a listaxe e orde definitiva de chamamento dos integrantes da mesma.

Vista a relación de persoal da bolsa de traballo aprobada, na que figura en primeiro lugar D. Pablo Díaz Cotelo.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 10/07/2025 mediante a cal se propón o chamamento e o nomeamento do candidato que figura en primeiro lugar na bolsa de emprego, D. Pablo Díaz Cotelo.

Visto que realizado o chamamento e requirimento de documentación, en data 13/07/2025, RXE núm. 202599900000750, D. Pablo Díaz Cotelo, presenta escrito rexeitando o chamamento para cubrir a praza en réxime de interinidade dun posto de auxiliar administrativo no concello de Camariñas.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 14/07/2025 mediante a cal se propón o chamamento e o nomeamento da candidata que figura en segundo lugar na bolsa de emprego, D^a Lorena Rodríguez Valiña.

Visto que realizado o chamamento e requirimento de documentación, en data



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 22/07/25 10:30:00

Exposición: 22/07/25 10:30:00 a 30/09/25 23:59:59

17/07/2025, dentro do prazo concedido ao efecto, a candidata proposta para ser nomeada como auxiliar administrativa, presenta a documentación requirida á que se refire a base 12ª da convocatoria e achada a mesma conforme.

Á vista, pois, do exposto e que pola intervención municipal se ten emitido o preceptivo certificado de existencia de crédito é polo que en uso das facultades que me confire o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Nomear a Dª LORENA RODRÍGUEZVALIÑA, como funcionaria interina da escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar Administrativa, polos motivos sinalados no artigo 10. 1 a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do estatuto básico do empregado público (TREBEP) édicir, praza vacante por xubilación do titular; polo que poderá ocupar dita praza ata a súa cobertura por funcionario de carreira (sen prexuízo do establecido no artigo 23.3 da Lei de Emprego público de Galicia).

Segundo: De conformidade coa Base 14 que rexe no procedemento de selección para creación da bolsa, o seu cese producirase no momento en que desaparezan as causas que xustificaron o seu nomeamento, art. 10 do TREBEP, sen prexuízo do previsto no art. 63 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

En todo caso, o Concello de Camariñas, de conformidade coas Bases que rexen no



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 22/07/25 10:30:00

Exposición: 22/07/25 10:30:00 a 30/09/25 23:59:59

procedemento de

selección para creación da bolsa, formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no antedito artigo 63, sen dereito a compensación algunha, pola cobertura regrada do posto por persoal funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos, a saber, finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Terceiro.- Advertir que de conformidade coa Base 11, D^a LORENA RODRÍGUEZVALIÑA, deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres días hábiles, contado desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar á súa selección.

Cuarto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas, coa indicación expresa dos recursos que cabe interpor contra a presente resolución, a saber, contra o acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 22/07/25 10:30:00

Exposición: 22/07/25 10:30:00 a 30/09/25 23:59:59

Xurisdición

Contencioso-Administrativa. Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria acumulada, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe pola alcaldesa, D^a Sandra Insua Rial.